

LUNS 25 E MARTES 26

DE MAIO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberiades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, e que as actividades de ampliación son optativas.

25 - 05 - 2020

FICHA Nº5: Desenvolvemento da creatividade.

Observamos a ficha e facemos diferentes preguntas: que ves na imaxe? Que cores ves? Con que crees que pintou Monet o cadro (ceras, témperas, pincel...)? Contarémolles aos nenos/as que a este pintor lle gustaba pintar con pincel, dando pequenos toques sobre a folla (lienzo) e empregando moitos cores.

Comezamos a realizar a ficha onde o neno/a debuxará con cera branca (ou amarelo) varios nenúfares na auga do estanque. Logo, se dispoñedes de gomet, pegade diferentes adhesivos de cores para decorar a paisaxe.

Cando terminemos coa ficha realizaremos a seguinte actividade.

A Monet encantáballe pintar no exterior da súa casa, principalmente paisaxes, polo que se vos é posible, xa que o tempo acompaña, poderíades saír a fora a pintar.


Os nenos/as poden pintar o que queiran, intentando seguir a técnica que empregaba Monet (impresionismo). Para iso pintarán con témpera ou acuarelas dando toques co pincel. Déixovos un vídeo para que vexades un exemplo do que se pode facer.

<https://www.youtube.com/watch?v=YvPTJnKifec>



AGRADECERÍA QUE ME ENVIARADES UNHA FOTO DAS SÚAS CREACIÓN 😊

AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lectoescritura. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):



AMPLIACIÓN: Disfrutade se vos é posible do monte que teñades a redor, iso seguro que lles gustará (correr, disfrutar do aire libre...). Non todo vai ser traballar 😊

26 - 05 - 2020

FICHA Nº6: Asociación os números 1,2,3.

Antes de comezar podemos poñer varios conxuntos de cousas (lápices, pedras, garavanzos...) e o neno/a deberá contar cantos obxectos hai en cada conxunto.

Outra opción para traballar cos números é dicir un número (do 1-10 dependendo dos números que controlen cada neno/a) e o rapaz deberá levantar tantos dedos como indiquemos.


A continuación comezaremos coa ficha. Deberase repasar os números que aparecen (1,2,3 con lapis primeiro e logo rotulador). Unimos cada número coa fotografía que corresponde segundo as flores que hai (podedes usar para unir pintura de dedos, rotuladores, lápices ou que queirades).

Reverso: Repasamos os números 1,2,3. Logo deberán facer os nenos/as os números entre as dúas liñas, amodiño e con boa letra. Isto farase con lapis por se hai que borrar.

AMPLIACIÓN: Podemos ditalle aos nenos/as algúns números (1,2,3 se domina algún máis incluíremolos) os cales iran escribindo (pódese facer no espazo en branco do reverso da ficha 6.

AMPLIACIÓN: Podemos seguir traballando os números. Por exemplo, para iso podemos facer o que vemos nas seguintes imaxes.

Escribimos os números en cachos de papel aos cales lles pegaremos un trozo de lá (cordel). O neno/a deberá meter tantos macarróns pola lá como indica o número.





AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación desta vez de lóxica-matemática. A miña recomendación é usar a seguinte (aínda que queda a vosa elección):

Conta e rodea o número correcto.

 3 4 5	 3 4 5	 3 4 5
 4 5 6	 4 5 6	 4 5 6
 2 3 4	 2 3 4	 2 3 4